

PRESENZA DE NOVONEYRA EN MADRID

Ana Acuña

Quen lles fala quere comezar agradecéndolle á organización deste congreso o feito de ter convidado a alguén que non é especialista en Novoneyra, pero que leva anos lendo sobre as artes de facer dos galegos en Madrid.

Durante o noso estudo (Acuña, 2009) da conciencia política e literatura galega en Madrid entre 1950 e 2000 enmarcamos a vida de 5 grupos activos de galegos na capital:

1952-54: Mocidade Universitaria Castelao.

1958-61: Brais Pinto.

1965-69: Seminario de Cultura Galega do Club de Amigos da Unesco de Madrid.

1974-86: Agrupación Cultural Galega Lóstrego, Centro Cultural e Social Irmandade Galega, Agrupación Cultural Irmandade Galega Lóstrego.

1996-2000: Grupo Bilbao.

Nesta cronoloxía, Uxío Novoneyra foi aparecéndonos primeiro como un satélite e, finalmente, como un “entrelazo”. Satélite porque, a pesar do seu contacto con membros dos distintos grupos, deixou Madrid antes de que os madrigalegos se agrupasen (caso da Mocidade Universitaria Castelao) ou chegou cando os grupos se estaban disolvendo e quedaban distintos vasos comunicantes que ían dar lugar a novas formacións (os Brais Pintos desembocan no Seminario de Cultura Galega do Club de Amigos da Unesco de Madrid). Con todo, Novoneyra será sempre unha presenza importante para as xeracións máis novas: Irmandade Galega (concretamente para Antón Patiño e Xosé Manuel Pereiro) e o Grupo Bilbao (maiormente para Maite Dono), de aí que falemos de “entrelazo”.

Aínda que o noso estudo dos grupos de galegos en Madrid se enfoca dende estes catro parámetros:

- a) caracterización dos propios grupos como subalternos
- b) análise das súas prácticas, actividades e discursos, é dicir, os rexistros públicos e ocultos
- c) a observación dos seus espazos e contraespazos de sociabilidade e
- d) o exame das relacións dos grupos de madrigalegos coa metrópole galega.

Agora, para focalizar a nosa atención sobre Novoneyra, camiño senlleiro durante a súas estadas en Madrid,

- fixarémonos na análise dos seus rexistros públicos e ocultos e na observación dos seus espazos e contraespazos de sociabilidade mentres residiu na capital e
- recordaremos os cordóns umbilicais (entrelazos) que mantivo con Madrid dende a “metrópole” galega.

Para iluminar a historia do noso discurso, usaremos como faro guiador os documentos persoais e os rexistros biográficos, ademais das fontes literarias, do propio Uxío Novoneyra, pero tamén dos coñecidos e dos amigos¹ como Xesús Alonso Montero, Xosé Soto, Herminio Barreiro, Daniel Pino, Xosé Luís Méndez Ferrín, Maite Dono...

1. PREHISTORIA (1948-1952)

Novoneyra chegou a Madrid en 1948 e, mentres prepara o exame de estado nunha academia da rúa do Pez, asiste como oínte á Facultade de Filosofía e Letras naquela Cidade Universitaria na que, anos despois, Herminio Barreiro buscará as pegadas de Durruti.

Desta maneira o recorda o profesor Xesús Alonso Montero (2002: 9):

Non tendo, como oínte, a obriga estricte de asistir ás clases, o Uxío escollía as máis acordes coa súa inclinación, especialmente as de Literatura española, impartidas por don Francisco Maldonado de Guevara, profesor que, pese ó seu nacionalcatolicismo (...) tiña unha certa orixinalidade, non era pobre en saberes literarios e non carecía de paixón íntima á hora de explicar algúns temas. (...) O certo é que o Uxío e mais eu, anos despois, temos falado con gratitude das clases de don Francisco Maldonado.

As coordenadas culturais dos mozos da época están marcadas pola ausencia de mestres e de referentes galegos que a Guerra Civil provocara. Esta miseria reflíctese no comentario de Novoneyra a Luís Rei Núñez (1990: 133) sobre os seus primeiros anos en Madrid:

Eu empezara a escribir en Lugo, cando estaba no instituto. Pero cando comezo a facer cunha gran intensidade é logo, en Madrid, na universidade, ós dazanove e vinte anos, que é cando realmente empeza a miña vocación literaria xa forte. Aparecen as primeiras cousas publicadas, que son en castelán, porque eu non sabía nin que se escribira en galego. Vouche contar o que nos pasou a Alonso Montero e a min. El foi o primeiro que me falou, no ano 50, de que existira o Partido Galeguista. Lembrándoo, hai pouco, eu díxenlle: “Claro, como ti proviñas de Ourense, onde estivera a xeración Nós, chegara a ti a noticia do galeguismo, pero no meu caso, que pasei polo instituto de Lugo, e vivín arredado no Caurel, non chegara a min eso, é dicir, comentáballe eu, fíxate que cantidade de medo para ternos calado os profesores todo o do movemento galeguista”. El contestoume: “Non te fíes, cando cho contei a ti, no ano 50, había dous meses que mo dixera a min Ben-Cho-Shey en Madrid; eu tamén pasei polo instituto de Ourense e non transcendeu a min nada en absoluto.

Como xa adiantamos, Novoneyra debeu manter un “camiño senlleiro” como recitador xa dende os primeiros anos, rexistro público xunto co seu labor de escritor en revistas (Novo, 2004). Nunha das publicacións aparecidas o ano pasado (VVAA, 2010: 22) dísenos:

Deste período 1948-1951 é a actividade do poeta como recitador ou rapsoda (Miguel Hernández, César Vallejo) unha xograría coa que colleitou éxito en Madrid e outras moitas cidades españolas.

¹ As palabras dos amigos Maite Dono, Xosé Luís Méndez Ferrín, Daniel Pino e Xosé Soto proceden de entrevistas realizadas pola autora deste traballo en distintas épocas.

Os espazos de sociabilidade nos que se move o poeta están en relación con esta actividade de dicidor en espazos como o Centro Galego (onde tratou a Díaz Castro e, posiblemente a Gamallo), a universidade e o Teatro Lara (Blanco, 2010: 20). Non se pode esquecer o Gijón como lugar de encontro para calquera escritor novo onde era posible vivir a bohemia do café como unha forma de vida e de liberdade, unha actitude rebelde e, tamén, unha postura espiritual.

A disidencia era posible na Biblioteca Nacional². A ela chegou Novoneyra (Araújo, 1998: 48-49) da man do seu profesor de literatura na academia:

Acórdome dunha persoa, acórdome ó chegar a Madrid (1949), atopeime nunha academia a un intelectual, que era o meu profesor de Literatura, e que me orientou bastante, porque me deu as primeiras pautas para buscar a poesía última. Había unha abstención, nos institutos, de falar de libros, de xentes e de feitos da época da República ou da anterior inmediata. E aquel profesor cando eu tiña dezanove anos, dezanove anos, foi o que me dixo: lete este libro, este, este, este. Mandoume ler os libros da xeración do 27, moitos deles. Ezequiel González Mas (...) El foi o que me lanzou sobre a Biblioteca Nacional, e alí na Biblioteca Nacional empecei eu a facer as miñas indagacións. É onde encontrei as literaturas primitivas, a poesía primitiva e a das grandes culturas do pasado.

As lecturas irían transmitíndose de boca en boca ata seren recoñecidas polos compañeiros. É coñecida a seguinte cita de Xesús Alonso Montero (2002: 9-10) referida á elevada especialización á que chegaría o recitador do Courel:

Moito antes de rematar aquel noso primeiro curso universitario (1948-49), Novoneyra converteuse nun asiduo da Biblioteca Nacional, onde consultaba, con fruición algunha das Historias da Literatura Universal, unha especialmente, a dirixida por Ciriaco Pérez Bustamante (...) Nesos grosos volumes, o Uxío asomábase, pola vía biográfica e erudita, ós poetas das máis diversas linguas e dos máis diversos tempos (...) A partir de aí, o Uxío pasaba horas e horas diante dos ficheiros da biblioteca (...) á procura de traducións castelás de poetas antigos e modernos, próximos e exóticos (...) Meses despois, a erudición de Novoneyra, en cuestións poéticas era moi superior á de calquera de nós, mesmo á dos alumnos máis aplicados (...) No que Uxío estaba a anos luz de todos era na lectura de poetas estranxeiros.

Réstanos citar outros lugares dos que era asiduo Novoneyra na capital. Sabemos por X. L. García (2009) que están relacionados coa arte: o Museo do Prado, pinacotecas e galerías de arte.

Se o courelao continuase na universidade madrileña, probablemente acabaría

- xuntándose con outros mozos e non tan mozos con inquedanzas un pouco soterradas,
- compartindo as milicias universitarias, verdadeira condena para algúns pero tamén lugar de encontro entre os mozos,

² Na Biblioteca Nacional houbo madrigalegos ousados que mesmo se atreveron a pedir un libro de Carlos Marx. Evidentemente sen resultado.

- aprendendo nos faladoiros de formación dos galegos en Madrid e participando no nacemento da Mocidade Universitaria Castelao.

Pero todo isto acabaría vivindo Novoneyra en Galicia, maiormente en Compostela, a partir do ano 1952.

2. TODO BRUÍDO SEN NOME É UN AGOIRO (1962-1966)

A segunda estadía de Novoneyra en Madrid comezará en 1962, en febreiro se atendemos a unha carta que lle envía a Ramón Piñeiro (Cochón/Girgado, 2010: 68). Despois dos anos de aprendizaxe do galeguismo en Compostela, en Madrid coñecerá unha nova xeración de estudantes e traballadores que elaboran un novo modelo de coñecemento lonxe da influencia galaxiá (Cochón/Girgado, 2010: 69).

Esta é a impresión que Novoneyra lle ofreceu a Manuel Rico Vereá (2005: 78-79) durante unha entrevista:

Eu cheguei ao grupo Brais Pinto cando o grupo xa estaba nos epílogos; xa se estaba desfecendo porque os seus integrantes acababan de estudar a súa carreira universitaria en Madrid e xa estaban empregándose en institutos de provincias e xa só ían a Madrid a facer oposicións a cátedras como Ferrín ou Bernardino Graña. Pero aínda había un núcleo moi interesante en torno a Reimundo Patiño, núcleo do que formaban parte bastantes estudantes galegos e traballadores como Bautista Álvarez ou Herminio Barreiro; entre os estudantes tamén estaba Luís Cochón que agora é profesor en Compostela e moitos outros como Cribeiro, que se casaba por aquela época... con eles inaugurouse unha segunda época miña (...) unha etapa sobre o esquerdismo, sobre o anti-franquismo que había de fondo pois mobilizáronse de novos esas cousas que quedaban da miña mocidade. (...)

Conseguín falar tanto galego en Madrid como en Galicia e aquel grupo Brais Pinto era encantador (...) pasámolo moi ben nunha época chea de entusiasmo (...) alí había máis pureza revolucionaria que no 68.

A cita necesita varios comentarios explicativos, pois,

- No ano 1962 xa non existe o grupo Brais Pinto tal e como se constituía en 1958. Con varios dos seus membros fóra de Madrid, os que quedan amparáranse no paraugas do Club de Amigos da Unesco (CAUM). Os anos de aprendizaxe de Brais Pinto dará paso á resistencia política —é máis: á conspiración— da maioría dos madrigalegos.
- Dos Brais Pinto que quedaban, Novoneyra enumera na súa cita a aqueles máis politizados: Heminio Barreiro, Bautista Álvarez, Reimundo Patiño e Alexandre Cribeiro. Faltan da súa listaxe César Arias e Ramón Lorenzo (a piques de marchar para Alemaña) e que menos se implicaran na politización última do grupo polarizada entre o comunismo e o nacionalismo.
- Novoneyra cita un estudante madrigalego (Luís Cochón) entre os moitos que trataría en Madrid e de moi distintas tendencias ideolóxicas (PCE, PCml,

UPG) pero sempre antifranquistas. Herminio Barreiro (2008: 213) nas súas memorias universitarias engade outros nomes de “mozos de Pontevedra”.

- A pureza revolucionara que albiscara Novoneyra en Madrid foi real, pois esta nova etapa da oposición ao franquismo caracterizouse polo protagonismo da protesta social moito máis que da política. Traducimos a J. Tusell (1989: 176-177):

A oposición social tivo tres motores fundamentais que ademais foron substituíndose co transcurso do tempo aínda que, por suposto, tamén a súa acción se solapase. Empezou por ser unha oposición do catolicismo organizado para logo provocar a rebelión dos estudantes e dela pasar á protesta obreira.

A revolución poderán escenificala os galegos dentro do Seminario de Cultura Galega do CAUM, onde confraternizan os simpatizantes e militantes do PCE cos próximos á UPG sen que falten as disensión como reconece Xosé Luís Méndez Ferrín:

Había un Seminario de Estudos Galegos e ían dun lado [ideolóxico] e doutro. Ían e estaban en polémica continua Bautista, Patiño, Herminio... e Novoneyra que chegou a Madrid nesa época. E estaba Mariví, Valenzuela, e estaba Cochón, estaba Carmiña de Cangas (...) Un pouco ese espírito de Brais Pinto pero aí estaban divididos, había tensión.

Tensión polo control da organización da actividade: cuestión do estatuto do poder e da decisión, das formas da súa xestión e da súa regulación; cuestión da relación da colectividade co seu devir... A propia militancia chega a ser aniquiladora para os máis novos.

Entre as actividades preparadas polos madrigalegos do CAUM está a creación do número especial da revista Signo dedicado a Galicia en 1966. O noso informante Xosé Soto recordaba a colaboración de Novoneyra:

Os poemas inseridos no Signo eran os únicos textos que podían ir en galego. Por iso non dubidamos en recorrer ós nosos “clásicos vivos”: Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Novoneyra... por certo que Novoneyra compuxo sobre a marcha un “Homenaxe labrego a Daniel Pino”: “galopa cabalo novo... salta sebe do pobo”. (...) Daniel Pino non era da UPG (...) É economista e daquela, sendo estudante, detivéranos cun grupiño de prochinos.

O que nos acaba de indicar Xosé Soto é o segundo poema que Novoneyra lle dedicou a Daniel Pino. O seu título está en castelán e o corpo do texto en galego:

Homenaje labriego a Daniel Pino y la nueva juventud

Grabarei o teu nome nas penas,
Daniel, en pradairos e nogueiras
ca navalla que aguza a vara e tronza o pan
e cantarei iste cantar sin igoal:
Levántate, nebra
ó alto da serra.

Amosa, Terra
 a vera faz
 pra ver a renda
 de finos cabos
 que xunce escravos
 en libertá.
 Gallopa, gallopa, cabalo novo,
 atrox a sebe do pobo.
 Gallopa, cabalo alto,
 ralva todo dun salto.
 Guinda cancelos,
 torre-penelos,
 ichós pequenos
 cun home sólo pecho no medio.
 Gallopa, dobra, abre ancho camiño real.

Ademais do interese da comparación coas versións posteriores (incluídas en Os Eidos 2 e en Do Courel a Compostela), parécennos rechamantes eses versíños de esconxuro para afastar a néboa que lle outorgan a todo o poema unha forza imprevista. Todo o texto ten ese ton de esconxuro liberador porque o poeta descobre, garda e doa.

Este e outros poemas dedicados aos privados da liberdade son pequenas luces que se acenden no medio dun sombrío túnel, ocultos golpes que permiten comunicarse nas paredes dunha prisión (París, 2006: 334). Así debemos entender o dedicado a Herminio Barreiro e a Daniel Pino con motivo dunha detención, sen consecuencias, arredor de 1962:

Libertá, chamas nos ollos tristes, nas caras do Metro,
 nos que xa perderon o futuro e ganan o pan con sobresalto,
 na gran cidadá, nos tesos cumes i en todo o silencio preguntado.
 Vélante os xóvenes
 i os que saben da morte e xuntan inseguranza e desamparo.
 Cando vexo un neno penso en ti;
 e, se oio un bruido sin nome,
 coído que ti chegas i acude todo o sangue.
 Todo bruido sin nome é un agoiro.

A propósito dese poema, relatábanos Daniel Pino a solidariedade de Novoneyra e os seus ocultos golpes para comunicarse:

Fora unha manifestación das miles de manifestacións que hai pola Ciudad Universitaria e Herminio e mais eu conseguimos chegar. Na facultade non deixaban entrar a quen non fose con carné. Entón el marchou e xa o detiveron ao saír de alí. A min detivéronme cando cheguei á casa (...) Enterouse todo Dios. Entón Novoneyra cando lle dixeron isto foi falar con Filgueira, era a semana de Pontevedra en Madrid ou algo así, co que fora o noso director [no Instituto de Pontevedra]. (...) Había unha cafetería debaixo da nosa casa que se chamaba Peñalara onde tomábamos sempre a última cousa. Cando Novoneyra viña todo fodido para a casa, estábamos xa nós alí, acabábase de saír coa única consecuencia, evidentemente, estiven sen pasaporte moitos anos, unha multa que nunca paguei.

O poema lévanos a tratar un dos rexistros públicos de Novoneyra en Madrid, ademais do traballo na televisión e na radio. Referímonos á escrita das “Elexías de Madrid” (última parte de Elegías del Caurel y otros poemas), sección composta por dez textos nos que o autor aparece como un poeta da cidade, descubridor e gardador do que o rodea e do seu propio sentir.

Seguirei na ciudad.
Non quero enganarme ollando a serra.
Díxome que eu era samente aquilo
e podo ser calquer cousa non grande nin pura.

Herminio Barreiro (2008: 230) deixou constancia das orixes das “Elexías” e que non son outras que os espazos e contraespazos de sociabilidade nos que se movía Novoneyra:

anos de tertulias animadísimas no café Gijón. Tempo de escoitar os recitais únicos que facían en exclusiva para nós, para uns poucos, para uns privilexiados, Uxío Novoneyra e Carlos Oroza. Tino Grandío, o máis grande pintor de grises da nosa historia, era a testemuña plástica por excelencia. Ou os artistas de teatro, como Terele Pávez. Novoneyra regalábanos con mostras que se podían escoitar a media noite na radio e na televisión. Carlos, con recitais que nos facían vibrar a todas horas. Despois, era a hora dos viños por Barbieri ou Libertad. Das pizzas en Gades. Dos cantes de Rafael Romero, que coas súas peteneras tan sentidas case nos facía chorar. Ou das copas nos arredores da Gran Vía... De todo aquilo saírían as Elexías...

Uxío Novoneyra coñecerá os espazos e contraespazos dos madrigalegos, algúns deles míticos como a estraña pensión de Junlai onde viviran Herminio Barreiro, Daniel Pino, Reimundo Patiño... Con este último, xa no Quilombo, un obradoiro situado na rúa Ilustración, viviu intensamente a súa amizade e comuñón creativa (sen que faltase o debate e a esmorga cando as reunións aumentaban de número). O entrelazo sónico con Patiño terá os seus froitos anos despois en poemas caligráficos e en gravados (García, 2009). Sobre Patiño escribiu Novoneyra (1996: 142-143):

Patiño buscaba unha sintonía con algo que inda estaba ou que estivo e que foi esquecido, un común punto de arranque para unha nova comuñón. De aí a súa simpatía profunda, porque nos embarcaba na súa e nos embarcaba na nosa aventura de cara ó home novo-posible, polo menos posible entóns cando era arriscado pero semellaba posible.
É de aí tamén a súa indeclinable vontade de recuperación nacional galega e dunha xeral recuperación das etnias (...) Era, eramos unha forza segura de si mesma e certísimamente da morte e da vida.

A estadia en Madrid entre 1962-66 deixou unha fonda pegada no poeta do Courel e que só co tempo iría tomando forma. Mostra desta transformación é o “Vietnam canto”, poema onde un topónimo nos liga a un espazo do mundo e o converte en íntimo (como

a “Letanía de Galicia”). O mesmo Novoneyra se decatara desta revolución e subliñalla a Emilio Araúxo (1998: 71):

Unha nova forma de palabra informada precisamente pola miña estanza en Madrid, e o contacto coas mocidades que se incorporaban (...) É precisamente no 66 ó volver ó Courel cando empezo a escribir polo clímax de Madrid, por todo aquilo, toda aquela esperanza (...) chegaran os beatniks.

3. As últimas presenzas de Novoneyra en Madrid ás que imos aludir están marcadas xa pola distancia xeográfica co poeta: a primeira en forma de libro nos finais dos anos 70 e a segunda en forma de disco nos finais dos anos 90 e mais no século XXI.

O entrelazo con Reimundo Patiño ao que nos referimos máis arriba provocaría unha chispa gráfica da roda da editorial Brais Pinto nos anos setenta. Trátase do caderno preparado e alentado polos membros de Brais Pinto que aínda permanecían en Madrid (César Arias e Reimundo Patiño), co patrocinio dun novo grupo de madrigalegos (Agrupación Cultural Irmandade Galega) e o deseño gráfico de Xosé Manuel Pereiro.

O libro titulouse *Poemas caligráficos* (1979) e, como sinalou C. P. Martínez Pereiro (2010: 68), nel habería “unha base literaria, o coñecemento “ruminante” da poesía oriental³ e outra de base plástica, o “grafismo abstractizante pollockiano” a través de Patiño. Madrid acaba sendo para Novoneyra unha porta xiratoria dende a que explorar o seu propio universo creativo. E todo grazas ás persoas que foi coñecendo, algunha (como Reimundo Patiño) protagonista da máis indómita travesía da arte galega de posguerra.

Outro dos puntos –e con el rematamos a nosa exposición– de contacto de Uxío Novoneyra cos madrigalegos é o que mantivo con Maite Dono, poeta que podemos integrar dentro do Grupo Bilbao.

Maite Dono tratou a Uxío Novoneyra en Compostela nos últimos momentos da súa vida. Para a madrigalega foi fundamental a figura de Novoneyra para a súa propia conformación como poeta en galega, ata o punto de identificarse. Segundo nos relatou nunha conversa recente, Novoneyra fascinouna, sobre todo coñecer a persoa en consonancia co poeta, comprobar a súa sinceridade e paixón, ese estar no centro da palabra:

A escrita esencial de Novoneyra, ese non escribir máis que por necesidade, ese amor polo galego sen supeditarse a nada e con total liberdade, esa poesía libre, iluminada e chea de visións (natureza...).

O entrelazo de Maite Dono con Uxío Novoneyra deu varios froitos musicais⁴: en 1998 o tema “Os reis do Caurel” e, en 2009, o disco “Sons nus. O reino do calado”, un traballo trevo entre Uxío, Baldo Martínez e Maite Dono.

3 Recórdense as primeiras lecturas de Novoneyra en Madrid.

4 Parece ser que o mesmo poeta se interesou por ser musicado, aspecto este –a relación entre a música e a poesía en Novoneyra– que quizais debería ser estudado.

Coa palabra da serra, contra baixo e voz rematamos a nosa intervención, coa seguridade de que o poeta de Courel seguirá sendo parte dos madrigaleiros do futuro, como xa o é dos do pasado.

BIBLIOGRAFÍA

- Acuña, Ana (2009): *Facer literatura galega en Madrid (1950-2000)*. Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Alonso Montero, Xesús (2002): “Abrojos (1948), primeiro poemario –inédito– de Novoneyra”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 5, 9-21.
- Araújo, Emilio (1998): *Uxío Novoneyra. Dos soños teimosos*. Santiago de Compostela: Noitarenga.
- Barreiro, Herminio (2008): *Recordar doe*. Vigo: Xerais.
- Blanco, Carme (2010): *Novoneyra: un cantor do Courel a Compostela*. Noia: Toxosoutos.
- Cochón, Luís/Luís Alonso Girgado (2010): *Cartas de poeta. De Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro (1953-1972)*. 2 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- García, Xosé Lois (2009): *Uxío Novoneyra, revisitado*. Vigo: Xerais.
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo (2010): *A man que caligrafando pensa. Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (2011): “Novoneyra en política”, *Faro de Vigo*, 19 de febreiro.
- Novoneyra, Uxío (1996): [Mesa redonda], en *Reimundo Patiño ciclo monográfico de conferencias*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 140-146.
- París, Carlos (2006): *Memorias sobre medio século. De la Contrarreforma a Internet*. Barcelona: Península.
- Rei Núñez, Luís (1990): *Oficio de escribir*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Rico Vereza, Manuel (2005): “Uxío Novoneyra en «Terra e xente»”, *Escrita contemporánea*, 73-94.
- Tusell, Javier (1989): *La España de Franco. El poder, la oposición y la política exterior durante el franquismo*. Madrid: Historia 16.
- VV.AA. (2010): *A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.